

## **SOLICITUDE DE ADMISIÓN (PREINSCRICIÓN) E MATRÍCULA EN TITULACIÓNS CON LÍMITE DE PRAZAS NAS UNIVERSIDADES DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA**

### **CONVOCATORIAS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA. CURSO 2026/2027**

A Resolución, do 3 de febreiro de 2026, conxunta da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización da proba de acceso á universidade (PAU) no curso 2025/26 (DOG do 16 de febreiro de 2026), establece que en Galicia a PAU estará regulada, de forma supletoria e no que resulte compatible co novo marco normativo, polo disposto no Real decreto 534/2024, do 11 de xuño (BOE do 12 de xuño), parcialmente modificado polo Real decreto 482/2025, do 17 de xuño (BOE do 18 de xuño), e pola Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG núm. 66, do 4 de abril), pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia (SUG). O artigo 11 da Lei 6/2013, do 13 de xuño (DOG núm. 125, do 3 de xullo), do sistema universitario de Galicia (SUG), establece no seu punto 1 que, para os efectos do ingreso nos centros universitarios, as universidades públicas integrantes do SUG se constitúen nun distrito único para os estudos de grao e de mestrado.

A Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG), en virtude das competencias que ten atribuídas consonte o convenio asinado polos reitores das universidades públicas do SUG en presenza do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, con data do 12 de marzo de 2001, e consonte o previsto na Orde do 24 de marzo de 2011 (DOG do 4 de abril de 2011), pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e o proceso de admisión ás tres universidades do sistema universitario de Galicia, resolve abrir o prazo de solicitude de admisión en titulacións con límite de prazas do sistema universitario de Galicia (SUG) para o curso 2026/2027, conforme as seguintes

### **BASES**

#### **Primeira. Obxecto e ámbito de aplicación**

O obxecto das presentes bases é establecer as normas e os prazos para xestionar o proceso común de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao das universidades públicas do sistema universitario de Galicia (SUG).

O contido das citadas bases aplicaráselle a quen desexe iniciar estudos universitarios oficiais de grao que se dispensan nas universidades públicas do SUG, e non pertenza aos colectivos aos que se refiren os artigos 44.1, 44.4 (cambio de universidade ou estudos universitarios oficiais españois) e 45.3 (admisión de estudantes con estudos universitarios) do RD 534/2024, do 11 de xuño, polo que se establece a normativa básica dos procedementos de admisión ás ensinanzas universitarias oficiais de grao. A súa aplicación afectará tanto aos centros propios coma aos centros adscritos ás universidades públicas do SUG, agás no que afecta á admisión no Grao en Enxeñaría Mecánica dispensado no Centro Universitario da Defensa (Marín), que se rexerá polo Decreto de provisión de prazas das Forzas Armadas.

## **Segunda. Convocatoria ordinaria: prazos e solicitantes**

Unha vez finalizado o prazo de solicitude, non se poderá modificar a relación de graos solicitados nin a orde en que se solicitou. O estudantado que realice a solicitude na convocatoria ordinaria ten preferencia sobre o estudantado que a faga na convocatoria extraordinaria e non poderá realizar unha nova solicitude na convocatoria extraordinaria.

### **1. Solicitude ordinaria**

#### **1.1. Prazo**

O prazo para formalizar a solicitude na convocatoria ordinaria vai do 12 ao 25 de xuño (ata as 14.00 horas).

#### **1.2. Quen pode solicitar**

Poderán realizar a preinscrición neste prazo de solicitude da convocatoria ordinaria:

1) Alumnado de Galicia ou de fóra de Galicia en posesión do título de bacharelato do sistema educativo español ou título equivalente coa PAU ou proba equivalente aprobada en anos anteriores ou na convocatoria ordinaria de 2026, solicite ou non solicite a revisión das cualificacións obtidas nela.

2) Titulados/as de formación profesional de Galicia ou de fóra de Galicia, aínda que estean pendentes da revisión das cualificacións obtidas na parte voluntaria da PAU.

3) Alumnado en posesión do título de bacharelato europeo en virtude das disposicións contidas no convenio polo que se establece o Estatuto das escalas europeas, feito en Luxemburgo o 21 de xuño de 1994, e o alumnado que obtivese o diploma do bacharelato internacional, expedido pola Organización do Bacharelato Internacional, con sede en Xenebra (Suíza).

4) Alumnado con acreditación expedida pola UNED para acceder ás universidades españolas. Se non dispoñen da ficha da UNED, deben indicar CAU = 5,000 e enviarán as fichas da UNED ao LERD do campus onde estea a titulación da súa primeira preferencia, de acordo co establecido no apartado 2.1 desta base.

5) Alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros que obtivese a homologación dos seus estudos aos títulos de bacharelato ou de técnico/a superior de formación profesional, de artes plásticas e deseño ou de técnico/a deportivo superior español.

6) Titulados/as universitarios do SUG e de distritos de fóra de Galicia que desexen acceder pola cota xeral e pola de titulados/as. Tamén poderán realizar a preinscrición do 13 ao 20 de xullo se só desexan acceder pola cota de titulados/as, de acordo co establecido no apartado 2.2 desta base.

7) Alumnado que superase, nunha universidade española, as probas específicas de acceso á universidade para maiores de 25 anos.

8) Alumnado que superase no SUG as probas específicas de acceso á universidade para maiores de 45 anos.

## 2. Prazos especiais da convocatoria ordinaria

### 2.1. Estudantes que acceden á universidade pola vía prevista no artigo 6 e na disposición adicional cuarta do RD 534/2024, do 11 de xuño

O estudantado que accede pola vía prevista no artigo 6 e na disposición adicional cuarta do RD 534/2024, do 11 de xuño, que non dispoña de cualificación, deberá cubrir os seus datos persoais na aplicación [Nerta](#), indicar como cualificación 5,000 nos prazos establecidos para a convocatoria ordinaria (do 12 de xuño ata as 14.00 horas do 25 de xuño), e poderá enviar a ficha da UNED coas cualificacións ao LERD do campus onde estea a titulación da súa primeira preferencia no prazo de 48 horas dende que dispoña dela, con data límite o 7 de xullo (ata as 14.00 horas).

2.2. Titulados/as universitarios na convocatoria de xuño-xullo de 2026 (tamén poderán realizar a preinscrición os demais titulados/as que non o fixeron do 12 ao 25 de xuño)

Poderán solicitar do 13 ao 20 de xullo (ata as 14.00 horas).

Este estudiantado realizará os trámites administrativos de preinscrición ás ensinanzas universitarias do SUG a través do LERD do campus onde estea a titulación da súa primeira preferencia.

Nota: non se terán en conta as solicitudes que non se formalicen nas datas indicadas (ata as 14.00 horas do 25 de xuño para o estudiantado do apartado 1 e 2.1, e ata as 14.00 horas do 20 de xullo para o estudiantado do apartado 2.2) ou non entreguen a documentación indicada nos prazos establecidos.

2.3. Causas de forza maior

No caso de causas de forza maior debidamente xustificadas (motivos de saúde que lle imposibiliten ao estudiantado galego cursar estudos noutros distritos, causas naturais como foi a DINA de 2025 ou calquera outra que poida xurdir), a delegada/o da universidade onde desexe cursar estudos a/o estudante poderá incorporar estes casos e poderán acceder a estudos incluso xa pechados se a súa cualificación así o permite.

Preinscrición para o acceso e Matrícula SUG 2026	
Preinscrición convocatoria ordinaria	12 - 25 xuño (ata as 14:00h)
Preinscrición para persoas tituladas (tituladas en cursos anteriores ou no actual)	13 - 20 xullo (ata as 14:00h)
Preinscrición da Convocatoria Extraordinaria (persoas que non solicitaron na ordinaria)	16 - 20 xullo (ata as 14:00h)
Solicitud de Admisión (Preinscrición) para alumnado que realizou as PAU, en setembro, fóra de C.A. de Galicia.	21 - 25 setembro (ata as 14:00h)

### **Terceira. Convocatoria extraordinaria: prazos e solicitantes**

#### Prazo

O prazo para formalizar a solicitude da convocatoria extraordinaria vai do 16 ao 20 de xullo (ata as 14.00 horas).

#### Quen pode solicitar

Poderán realizar a preinscrición neste prazo de solicitude extraordinaria o alumnado que estea nalgunha das seguintes situacións:

- 1) Alumnado en posesión do título de bacharelato do sistema educativo español ou título equivalente e coa PAU ou proba equivalente aprobada en convocatorias anteriores que non fixese a solicitude de admisión na convocatoria ordinaria.
- 2) Alumnado dos centros de bacharelato da comunidade autónoma de Galicia ou de fóra de Galicia que aprobe a PAU na convocatoria extraordinaria de 2026, solicite ou non solicite a revisión das cualificacións obtidas nela.
- 3) Titulados/as de formación profesional de centros da comunidade autónoma de Galicia e de fóra de Galicia que non realizasen a solicitude de admisión na convocatoria ordinaria.
- 4) Alumnado en posesión do título de bacharelato europeo ou diploma do bacharelato internacional que non realizase a solicitude de admisión na convocatoria ordinaria.
- 5) Alumnado con acreditación expedida pola UNED para acceder ás universidades españolas que non realizase a solicitude de admisión na convocatoria ordinaria.
- 6) Alumnado procedente de sistemas educativos estranxeiros que obtivese a homologación dos seus estudos aos títulos de bacharelato ou de técnico/a superior de formación profesional, de artes plásticas e deseño ou de técnico/a deportivo superior español que non realizase a solicitude de admisión na convocatoria ordinaria.

#### **Prazo especial para estudantes que superen a PAU en setembro ou que finalizaron FP con posterioridade á data de preinscrición extraordinaria**

O estudantado que aprobe a PAU, en setembro, fóra da comunidade autónoma de Galicia e o estudantado de FP que rematou os seus estudos despois do prazo da preinscrición extraordinaria e realizou o depósito do título, poderá solicitar a admisión nas titulacións do SUG

con prazas vacantes para a convocatoria extraordinaria para as que teñan nota de admisión superior á do último alumno/a admitido do 21 ao 25 de setembro (ata as 14.00 horas). Este estudiantado realizará os trámites administrativos de preinscrición ás ensinanzas universitarias do SUG a través do LERD do campus onde estea a titulación da súa primeira preferencia. No caso de non atender esta norma e ter documentación incompleta ou errónea será eliminada a solicitude de preinscrición. Só se considerarán ciclos superiores de FP presenciais realizados en estados membros da Unión Europea, e que reúnan o número de anos e horas do marco legislativo estatal.

#### **Cuarta. Lugar de preinscrición e horario**

A) O estudiantado da convocatoria ordinaria e extraordinaria, salvo o do apartado «2. Prazos especiais da convocatoria ordinaria» e o do «Prazo especial para estudantes que superan a PAU en setembro», realizará os trámites administrativos do acceso ás ensinanzas universitarias do SUG a través da aplicación informática Nerta ([www.edu.xunta.es/nerta/alumnado](http://www.edu.xunta.es/nerta/alumnado)), aberta ata as 14.00 horas do último día de cada un dos prazos sinalados.

O alumnado que non ten os seus datos informatizados na aplicación informática Nerta deberá rexistrar na aplicación os seus datos persoais e académicos, cubrir a solicitude de preinscrición coa relación priorizada de titulacións e subir á aplicación os documentos acreditativos. Poderá imprimir un xustificante da súa solicitude. Neste caso, a/o estudante teñen que sinalar como LERD de referencia o correspondente á titulación da súa primeira preferencia de preinscrición.

B) Estudiantado do apartado «2. Prazos especiais da convocatoria ordinaria»

B.1. O estudiantado que accede pola vía do artigo 6 e da disposición adicional cuarta do RD 534/2024 realizará os trámites administrativos de preinscrición ás ensinanzas universitarias do SUG a través da aplicación informática Nerta ([www.edu.xunta.es/nerta/alumnado](http://www.edu.xunta.es/nerta/alumnado)). Se non dispón de cualificación, deberá cubrir os seus datos persoais na aplicación Nerta, indicar como cualificación 5,000 nos prazos establecidos para a convocatoria ordinaria (do 12 de xuño ata as 14.00 horas do 25 de xuño) e poderá enviar a ficha da UNED coas cualificacións ao LERD do campus onde

este a titulación da súa primeira preferencia no prazo de 48 horas dende que dispoña dela, con data límite o 7 de xullo (ata as 14.00 horas).

B.2. Os titulados/as universitarios na convocatoria de xuño-xullo de 2026 realizarán os trámites administrativos de preinscrición ás ensinanzas universitarias do SUG a través do LERD do campus onde estea a titulación da súa primeira preferencia.

B.3. O estudantado que aprobe a PAU, en setembro, fóra da comunidade de Galicia e o estudantado de FP que rematou os seus estudos despois da data de preinscrición extraordinaria e fixo o depósito do título realizarán os trámites administrativos de preinscrición ás ensinanzas universitarias do SUG a través do LERD do campus onde estea a titulación da súa primeira preferencia.

#### **Quinta. Procedemento de preinscrición e documentación**

1. **O alumnado de bacharelato** dos centros da comunidade autónoma de Galicia coa PAU superada e **cos seus datos académicos informatizados na aplicación Nerta:**

- Rexistrar a solicitude de preinscrición indicando a relación priorizada de titulacións na aplicación Nerta.
- Non ten que presentar ningunha documentación.

2. **O alumnado de FP** dos centros da comunidade autónoma de Galicia que se presentou á parte voluntaria da PAU e **que ten os seus datos académicos informatizados na aplicación Nerta:**

- Rexistrar a solicitude de preinscrición indicando a relación priorizada de titulacións na aplicación Nerta.
- É necesario que o centro de FP realízase o traslado do expediente completo de Xade a Nerta. Para que a preinscrición teña validez, o/a estudante ten que aboar as taxas do título antes do 1 de xullo.
- No caso do estudantado de formación profesional dual pertencente a centros de Galicia que estea en disposición de acadar o título de técnico/a superior de FP, técnico/a superior de artes plásticas e deseño ou técnico/a deportivo superior ou equivalente na convocatoria ordinaria do curso 2025/2026, e que estea pendente de titularse por non ter finalizado algún módulo de

formación en coordinación con empresas ou centros de traballo e, se é o caso, o módulo de proxecto, a súa cualificación de acceso será un 5,000, á que se lle sumará para a súa admisión a nota correspondente da parte voluntaria, se é o caso. A súa admisión é provisional e queda condicionada a que acade o título na convocatoria ordinaria deste curso 2025/2026, e realice o depósito do título de forma inmediata. **Este alumnado terá que realizar a preinscrición no LERD** do campus onde estea a titulación da súa primeira preferencia.

3. O alumnado que **non ten os seus datos informatizados na aplicación informática Nerta** seguirá o seguinte procedemento:

3.1. Rexistrar os seus datos persoais e académicos na aplicación Nerta.

3.2. Rexistrar a solicitude de preinscrición, indicando a relación priorizada de titulacións na aplicación Nerta.

3.3. Marcar a declaración responsable de que os datos reflectidos son correctos.

3.4. Subir á aplicación Nerta a seguinte documentación en formato PDF:

- Copia do DNI, NIE ou pasaporte (no caso de estranxeiros/as).
- Copia do resto de documentación específica segundo a credencial de acceso, que se indica a continuación.

Nota: só no caso de resultar admitido, e unha vez que formalice a matrícula, entregará a documentación orixinal ou debidamente cotexada na universidade en que se matricule.

### **Documentación específica, segundo a credencial de acceso**

a) Alumnado en posesión do título de bacharelato do sistema educativo español ou título equivalente (bacharelato LOE, LOXSE e anteriores ou COU) e coa PAU ou proba equivalente aprobada:

- Fotocopia da tarxeta de cualificación da PAU ou copia da tarxeta de cualificación da PAU co código seguro de verificación (CSV).
- O alumnado con probas de madurez ou con exame de Estado presentará unha certificación das súas cualificacións do bacharelato e das correspondentes á proba de acceso á universidade.

- De ser o caso, o documento acreditativo das cualificacións das materias da parte voluntaria da ABAU 2024, PAU 2025 ou PAU 2026.

b) Titulados/as de formación profesional

- Certificación expedida polo centro das cualificacións obtidas nos respectivos estudos.

Nota: no caso de alumnado non pertencente ao SUG, na certificación deberán constar as cualificacións obtidas nos módulos.

- Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

- De ser o caso, o documento acreditativo das cualificacións das materias da parte voluntaria da ABAU 2024, PAU 2025 ou PAU 2026.

c) Alumnado en posesión do título de bacharelato europeo e alumnado co diploma do bacharelato internacional:

- Credencial expedida pola UNED (esta terá validez para os efectos de admisión e matrícula durante dous anos desde a data de expedición).

- De ser o caso, o documento acreditativo das cualificacións das probas de competencias específicas (PCE) da UNED ou das materias da parte voluntaria da ABAU 2024, PAU 2025 ou PAU 2026.

- Se non dispón da credencial da UNED dentro do prazo da preinscrición ordinaria (do 12 de xuño ata as 14.00 horas do 25 de xuño), debe cubrir os restantes datos na aplicación Nerta, indicando como cualificación 5,000, e enviar a credencial da UNED ao LERD do campus onde estea a titulación da súa primeira preferencia, no prazo de 48 horas dende que dispoña dela.

d) Alumnado de países membros da Unión Europea ou doutros países que dispoñan de credencial da UNED:

- Credencial expedida pola UNED (esta terá validez para os efectos de admisión e matrícula durante dous anos desde a data de expedición).

- Se non dispón da credencial da UNED dentro do prazo da preinscrición ordinaria (do 12 de xuño ata as 14.00 horas do 25 de xuño), debe cubrir os restantes datos na aplicación Nerta, indicando como cualificación 5,000, e enviar a credencial da UNED ao LERD do campus onde

este a titulación da súa primeira preferencia, no prazo de 48 horas dende que dispoña dela.

- De ser o caso, o documento acreditativo das cualificacións das probas de competencias específicas (PCE) da UNED ou das materias da parte voluntaria da ABAU 2024, PAU 2025 ou PAU 2026.

e) Alumnado en posesión de títulos, diplomas ou estudos homologados ao título de bacharelato do sistema educativo español.

- Credencial de homologación do título, diploma ou estudo equivalente ao título de bacharelato ou, no seu defecto, a copia da solicitude de homologación (artigo 4 do RO 412/2014).

- De ser o caso, o documento acreditativo das cualificacións das materias da parte voluntaria da ABAU 2024, PAU 2025 ou PAU 2026.

Nota: no caso do alumnado que realice a súa solicitude de admisión achegando unicamente a copia da solicitude de homologación do título, diploma ou estudo (art. 4 do RD 412/2014), a súa nota de acceso será un 5,000, á que se lle sumará para a súa admisión a nota que corresponda da parte voluntaria, se é o caso. A súa admisión é provisional e queda condicionada a que a citada homologación sexa positiva.

f) Titulados/as universitarios

- Certificación académica oficial das cualificacións obtidas nos estudos universitarios oficiais en base 10.

- Acreditación de ter aboadas as taxas para a expedición do título.

- No caso de titulados/as universitarios en centros estranxeiros (pertencentes ou non á Unión Europea), homologación ou declaración de equivalencia do título (Real decreto 889/2022 de 18 de outubro. BOE do 19 de outubro).

- No caso de titulados/as que soliciten praza cun título oficial de posgrao (mestrado oficial), deberán achegar, ademais, a certificación académica oficial do título ou títulos universitarios oficiais que o faculte para o acceso aos estudos oficiais de posgrao (mestrado). A súa nota de admisión será a media ponderada do título de grao ou equivalente e do título de mestrado, tal e como se establece na base terceira 2.a) do Acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao.

g) Alumnado que superase, nunha universidade española, a proba de acceso á universidade específica para maiores de 25 anos.

- Certificación académica oficial da cualificación obtida na proba para maiores de 25 anos.

Nota importante:

**Estudantado con discapacidade:** o alumnado da cota xeral que desexe acollerse á cota de prazas reservada para este colectivo (artigo 41.1 do Real decreto 534/2024, do 11 de xuño), ademais dos documentos comúns e específicos, deberá presentar o certificado de cualificación e recoñecemento do grao de discapacidade expedido polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente ou a certificación da consellaría de educación da comunidade autónoma onde cursou bacharelato, na que conste a súa condición de estudante con necesidades educativas especiais permanentes **asociadas a circunstancias persoais de discapacidade**, que durante a súa escolaridade anterior precisase de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa.

**Deportistas de alto nivel e alto rendemento:** o alumnado da cota xeral que desexe acollerse á cota de prazas reservada para este colectivo, ademais dos documentos comúns e específicos, deberá presentar:

- Deportistas de alto nivel: copia da resolución do secretario de Estado-presidente do Consello Superior de Deportes que recoñeza a condición de deportista de alto nivel coa indicación do BOE en que está publicada (artigo 3.2. do RD 971/2007, do 13 de xullo).

- Deportistas de alto rendemento: acreditación da cualificación de deportista de alto rendemento realizada polo Consello Superior de Deportes ou do organismo competente da comunidade autónoma, segundo corresponda. No caso de que non se acredite a «letra a), b) ..., g)» do artigo 2.3. do RD 971/2007, do 13 de xullo, pola que están acreditados, consideraranse acreditados pola letra g).

**Deportistas galegos** (Decreto 165/2020 do 17 de setembro de 2020. DOG do 29 de setembro. Só deportistas galegos que o acrediten): o alumnado da cota xeral que desexe acollerse á cota de prazas reservada para este colectivo, ademais dos documentos comúns e específicos, deberá presentar o certificado expedido pola Administración autonómica galega que indique cal dos grupos establecidos no artigo 22 do Decreto 165/2020 lle corresponde.

## Sexta. Requisitos da documentación

No momento da preinscrición subirase unha copia da documentación solicitada no lugar destinado na aplicación Nerta. Só no caso de resultar admitido, e unha vez que formalice a matrícula, será necesario entregar a documentación orixinal ou debidamente cotexada na universidade en que se matricule, dentro dos prazos e lugares establecidos na convocatoria de matrícula desta, cumprindo os requisitos sinalados neste apartado.

### Presunción de veracidade

O estudantado poderá ver os seus datos de preinscrición na aplicación informática Nerta.

Os/As estudantes que realizaron a PAU en Galicia poderán modificar as titulacións solicitadas e a orde de solicitude mentres non finalice o prazo de preinscrición.

O estudantado que rexistrou el mesmo os seus datos persoais e académicos na aplicación informática Nerta (estudiantado que non fixo os seus estudos anteriores en Galicia), poderá corrixir os seus datos persoais e académicos, e modificar as titulacións solicitadas e a orde de solicitude mentres non finalice o prazo de preinscrición.

A partir do momento en que finalice o prazo de preinscrición non se poderán realizar ningunha modificación dos graos solicitados nin da orde de solicitude.

De todas as formas, unha vez que finalice o prazo de solicitude, os/as solicitantes, especialmente os que fixeron a PAU fóra de Galicia e gravaron eles as súas cualificacións, terán a obriga de revisar os seus datos e cualificacións e, se teñen mal gravado algún dato, terán 2 días naturais de prazo para comunicar, a través do formulario que figurará na páxina web da CiUG, os erros que detecten. De detectaren calquera das tres universidades públicas galegas incorreccións nos datos numéricos gravados ou ausencia de certificacións correctas de estudos, discapacidade, deportista ou titulación previa, a delegada/o anulará a matrícula. No caso do estudantado de bacharelato europeo, bacharelato internacional, estudantado estranxeiro etc., é indispensable que revise a nota da credencial UNED ou a nota de homologación; o estudantado de bacharelato a cualificación do expediente, a cualificación da parte xeral e a cualificación CAU (60 % expediente + 40 % fase parte xeral); o estudantado de CFGS de FP a nota media do expediente do ciclo formativo de grao superior que será a súa cualificación de acceso á universidade (CAU). Así mesmo, todo o estudantado debe revisar as súas cualificacións da parte voluntaria ou as cualificacións das probas de competencias

específicas da UNED. Para a tramitación deste procedemento, de ser posible, o LERD da titulación da súa primeira preferencia poderá consultar electronicamente as acreditacións correspondentes na UNED. Se non desexa que se realice esta consulta, deberá comunicar a súa oposición por correo electrónico no enderezo [dpd@cisug.gal](mailto:dpd@cisug.gal) antes do 25 de xuño. Nese caso, ou se a consulta non puidese realizarse por problemas técnicos ou por falta de información, deberá presentar a acreditación correspondente no LERD da titulación da súa primeira preferencia no prazo de 10 días naturais desde o 25 de xuño.

**Tras finalizar este proceso, darase por pechado o proceso de rectificación de datos e non se admitirán reclamacións posteriores. Se, como consecuencia do proceso de revisión das cualificacións, previsto no art. 20 do Real decreto 534/2024, do 11 de xuño, cambiase algunha das súas cualificacións con posterioridade, o estudantado afectado terá un prazo adicional de 3 días naturais para comunicalo.**

O feito de figurar na relación de admitidos non presupón que se lle recoñeza á persoa interesada a posesión dos requisitos esixidos no procedemento regulado na presente convocatoria ata que, unha vez efectuada a matrícula, se proceda pola universidade correspondente á comprobación da documentación. Esta comprobación desenvolverase ao longo de todo o curso e se dela se desprende que non reúne algún dos requisitos ou non cumpre os criterios establecidos, a persoa solicitante decaerá en todos os dereitos que puidesen derivarse da participación neste procedemento e anularáselle a admisión, a matrícula e os demais actos derivados, tras a resolución notificada para os efectos.

#### 1. Presentación de documentación

De conformidade co disposto no artigo 16.4 da Lei 3912015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os documentos que se dirixan a esta comisión poderán presentarse nalgún dos seguintes rexistros:

- a) Nos rexistros xerais das tres universidades do SUG ou nos rexistros auxiliares.
- b) Nos rexistros oficiais da Administración Xeral do Estado ou das comunidades autónomas.
- c) Nos rexistros de entidades que integran a Administración local, sempre que se asinase o oportuno convenio.

d) Nas oficinas de correos de España, na forma que regulamentariamente está establecida.

e) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

## 2. Compulsas ou cotexo de documentos expedidos en España

Só serán válidas as compulsas que realicen os seguintes órganos ou unidades administrativas:

a) Rexistros relacionados no punto anterior.

b) Unidade administrativa onde se tramita o expediente.

c) Organismo español que expediu o documento.

d) Notarios/as españois.

e) Representación diplomática española, no caso de que se presente no estranxeiro.

Nota importante:

- Todas as fotocopias estarán compulsadas ou cotexadas polos órganos ou unidades administrativas citadas no anterior apartado, ou deberase exhibir o orixinal destas no momento de presentación da solicitude. Este último requisito é obrigado cando se trate de fotocopias do libro escolar ou cando nas copias compulsadas non se identifique claramente o organismo/unidade administrativa que expide a compulsas ou o cargo, nome e apelidos de quen as asina.

- Todos os documentos deberán entregarse na universidade correspondente, dentro dos prazos e lugares establecidos na convocatoria de matrícula de cada unha das universidades.

## Sétima. Normativa

Na solicitude de admisión o alumnado poderá indicar, por orde de preferencia, ata cinco ensinanzas universitarias diferentes, cun máximo de dez peticións no caso de ensinanzas universitarias oficiais de grao dispensada en máis dun centro. A persoa solicitante quedará vinculada pola orde de preferencia que estableza na súa solicitude.

É fundamental a orde de preferencia, posto que o alumno/a será admitido nunha única titulación, que será a de maior preferencia na que acade a nota do último alumno/a admitido. As titulacións solicitadas en menor preferencia a aquela na que resulte admitido quedarán liberadas e eliminaranse automaticamente da listaxe de agarda.

Na convocatoria extraordinaria non se ofertarán as titulacións coas prazas esgotadas pola matrícula da convocatoria ordinaria, ou aquelas nas que a CiUG, á vista da listaxe de agarda, estimase que se esgotarán todas as prazas con solicitantes da convocatoria ordinaria.

No caso dos titulados/as universitarios, alumnado coas probas de acceso á universidade para maiores de 25 ou 45 anos superadas, haberá un único prazo de solicitude correspondente á convocatoria ordinaria.

O alumnado solicitante da cota xeral que reúna os requisitos para solicitar pola cota de discapacitados/as ou deportistas poderá usar a citada posibilidade, marcando esta cota na aplicación Nerta.

#### 1. Prioridade na adxudicación

Tendo en conta a orde de prelación na adxudicación de prazas establecido na base terceira «Criterios específicos para a adxudicación de prazas en cada cota» do Acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao, aprobado polos respectivos consellos de goberno das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, as solicitudes de cada cota redondearanse en función da nota de admisión que corresponda, expresada con tres cifras decimais e redondeada á milésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.

Para acceder ás titulacións con límite de prazas non existe unha nota determinada previamente (nota de corte), senón que esta depende do número de prazas existentes para a titulación, do número de solicitantes e das cualificacións que estes/as acaden.

Esta «nota de corte» correspóndese coa nota do último alumno/a admitido e matriculado en cada titulación.

#### 2. Oferta e adxudicación de prazas e cotas de reserva por colectivos

O total de prazas que para cada ensinanza universitaria oficial de grao rexistrada no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos (RUCT) oferten as universidades do SUG repartiranse entre a cota xeral e as cotas de reserva ás que se refiren os artigos 39 ao 43 do RD 534/2024, de acordo coas porcentaxes indicadas na base segunda («Distribución de prazas entre as distintas cotas») do Acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao, aprobado polos

respectivos consellos de goberno das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

As prazas das cotas de reserva de deportistas e discapacitados/as que non se cubran por solicitantes da convocatoria ordinaria ofertaranse na convocatoria extraordinaria.

Na convocatoria extraordinaria non se ofertarán prazas polas restantes cotas (titulados/as, M25, M40 e M45). As prazas obxecto de reserva destas cotas que queden sen cubrir polos/as solicitantes da convocatoria ordinaria acumularanse ás ofertadas pola cota xeral.

As prazas adxudicaráselle ao estudantado segundo os criterios específicos para a adxudicación de prazas de cada cota que se recollen na base terceira do Acordo das universidades públicas do sistema universitario de Galicia sobre os procedementos de admisión aos estudos universitarios oficiais de grao.

#### a) Cota xeral

As prazas da cota xeral adxudicaráselle ao estudantado atendendo á súa nota de admisión.

O estudantado que pode acceder polas dúas vías (bacharelato e FP) pode elixir a vía de acceso no momento da preinscrición. Se marca as dúas vías, a aplicación Nerta elixirá a vía que máis lle conveña para acceder.

#### b) Cotas de reserva

- Persoas tituladas universitarias: 1 % das prazas totais, aproximado ao primeiro enteiro por exceso. As prazas adxudicaranse atendendo á súa nota media do título universitario (grao ou diplomatura, enxeñaría técnica, licenciatura e enxeñaría, correspondentes á anterior ordenación das ensinanzas universitarias, ou título equivalente) ou a nota media ponderada do título de mestrado e do título que lle permitiu acceder ao mestrado.

O proceso de adxudicación de prazas da cota de titulados/as non se iniciará ata o 4.º chamamento, que se realizará o 24 de xullo de 2026.

- Maiores de 25 anos: 2 % aproximado ao primeiro enteiro por exceso. As prazas adxudicaranse atendendo á súa nota da proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e daráselles preferencia aos/ás solicitantes que superaron a proba de acceso organizada pola CiUG. Non poderá solicitar por esta cota o estudantado que poida solicitar pola cota xeral ou de titulados/as.

- Maiores de 45 anos: 1 % aproximado ao primeiro enteiro por exceso. As prazas adxudicaranse atendendo á súa nota da proba de acceso á universidade para maiores de 45 anos organizada pola CiUG.

Non poderá acceder por esta cota o estudiantado que poida acceder pola cota xeral ou de titulados/as.

- Maiores de 40 anos: 1 % aproximado ao enteiro máis próximo (mínimo 1 e só Universidade de Santiago de Compostela).

- Estudantes con discapacidade: 5 %, aproximado ao primeiro enteiro por exceso. As prazas adxudicánselle ao estudiantado do colectivo xeral que teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, así como para os/as estudantes con necesidades educativas especiais permanentes asociadas a circunstancias persoais de discapacidade, que durante a súa escolaridade anterior precisasen de recursos e apoios para a súa plena normalización educativa, atendendo á súa nota de admisión.

- Deportistas de alto nivel ou de alto rendemento: 3 %, aproximado ao primeiro enteiro por exceso. Nos graos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte e en Fisioterapia terán un 8 %, aproximado ao primeiro enteiro por exceso.

As prazas reservadas para este colectivo adxudicaranse tendo en consideración a preferencia dos/as deportistas de alto nivel sobre os/as de alto rendemento e dentro destes/as outorgaráselles preferencia aos/ás deportistas incluídos no apartado a) sobre os do b), os do b) sobre os do c), os do c) sobre os do d), e así sucesivamente. Dentro da mesma preferencia o criterio será a nota de admisión.

As/Os deportistas de alto rendemento que xustifiquen tal condición, pero que non xustifiquen no prazo establecido a «letra a), b), ..., g)» do artigo 2.3 do RD 971/2007, do 13 de xullo, pola que están acreditados, consideraranse acreditados pola letra g).

- Deportistas, de alto nivel e de alto rendemento deportivo, e persoas adestradoras e técnicas, xuíces e xuízas e árbitros e árbitras galegas de alto nivel deportivo (Decreto 165/2020 do 17 de setembro de 2020. DOG do 29 de setembro): 2 %, aproximado ao primeiro enteiro por exceso, nos graos en Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

As prazas reservadas para este colectivo adxudicánselles en primeiro lugar aos/ás deportistas galegos de alto nivel e alto rendemento de acordo cos criterios da cota anterior

de deportistas. A continuación, as persoas que sexan adestradoras e técnicas de alto nivel deportivo terán preferencia sobre as persoas que sexan xuíces e xuízas e árbitros e árbitras de alto nivel deportivo, e estas terán preferencia sobre as persoas deportistas de rendemento deportivo de base (artigo 22 do Decreto 165/2020 do 17 de setembro de 2020. DOG do 29 de setembro).

#### c) Adxudicación de prazas nas simultaneidades de estudos

No caso das simultaneidades de estudos (dobres graos) é necesario que a nota de admisión das persoas admitidas sexa superior á da/o último estudante convocado en cada un dos graos correspondentes (notas de corte deses graos). Dado que estas notas non se coñecen ata que «pechan» eses graos, no caso de estudantado admitido nunha simultaneidade de estudos con nota de admisión inferior á nota de corte dalgún dos graos da simultaneidade, a universidade poderá anular a matrícula no dobre grao e asignaráselle a titulación que lle corresponda en función da súa cualificación, aínda que esta xa estivese pechada. De xeito orientativo poderanse considerar as “notas de corte” dos anos anteriores, publicadas na páxina web da CiUG.

### 3. PROCEDEMENTO DE MATRÍCULA E CONFIRMACIÓN NA LISTAXE DE AGARDA

A CiUG asignará as prazas ofertadas en cada ensinanza universitaria oficial de grao en cada unha das convocatorias e prazos de matrícula establecidos. A cada estudante asignaráselle a ensinanza universitaria de maior preferencia que lle corresponda en función da cota pola cal se solicita o acceso e tendo en conta, en todo caso, a orde de prelación, os criterios de valoración e a preferencia para a adxudicación de prazas establecidos.

En cada chamamento, o/a estudante pode ver a súa situación en cada unha das titulacións solicitadas: «Pechada», «En espera», «Convocado» ou «Liberado».

Nas titulacións que figuran como «**Pechada**», as prazas están todas cubertas con estudantes que teñen nota superior. Só se convocarán estudantes da listaxe de agarda se se producen anulacións. Se un/unha solicitante desexa manterse nesta listaxe de agarda, debe indicalo cada vez que se produce un chamamento.

Nas titulacións que figuran como «**En espera**», o estudantado xa convocado é suficiente para cubrir todas as prazas existentes, pero pode que non todas as persoas convocadas se matriculen e nese caso poden quedar prazas vacantes, polo que a persoa solicitante pode ser

convocada nun chamamento posterior.

Na titulación que figura como «**Convocado**» pode matricularse, tendo en conta o procedemento que se explica a continuación, nos prazos designados na base oitava do presente documento.

As titulacións que figuran como «**Liberado**» é debido a que o/a estudante figura «Convocado» ou «Matriculado» nunha titulación con maior preferencia e, polo tanto, quedan liberadas (anuladas da súa solicitude) as titulacións que solicitou con menor preferencia.

**O estudantado debe consultar a súa situación na aplicación informática Nerta cada vez que se produza un chamamento.**

- Se o/a solicitante non figura convocado en ningunha titulación debe «marcar» en cada chamamento, a través da propia aplicación informática Nerta, as titulacións nas que segue tendo interese en «Continuar na listaxe de agarda» (figurarán «En espera» ou «Pechada»).

- Se a persoa solicitante aparece convocada nunha titulación e ten outras titulacións con maior preferencia «En espera» ten dúas opcións: a) Se desexa continuar na listaxe de agarda dalgunha(s) desas titulacións, non debe matricularse e confirmará, en cada chamamento, na propia aplicación informática Nerta, «Continuar na listaxe de agarda» nesa(s) titulación(s); b) Matricularse nesa titulación na que figura convocado e entenderase que xa non ten interese en ningunha das que figura «En espera». **Se non se matricula nin confirma «Continuar na listaxe de agarda»** nalgunha titulación das que figuraba «En espera», entenderase que xa non ten interese en matricularse nesa titulación na que figura convocado nin en ningunha das que figura «En espera» e decaerá nos seus dereitos. Pode marcar «Continuar na listaxe de agarda» das titulacións xa «Pechadas» nas que siga tendo interese.

- Se a persoa solicitante aparece convocada nunha titulación e todas as titulacións con maior preferencia figuran como «Pechada» debe matricularse nesa titulación. **Se non se matricula, entenderase que xa non ten interese en matricularse nesa titulación na que figura convocado e decaerá nos seus dereitos.** En cada chamamento pode marcar «Continuar na listaxe de agarda» das titulacións xa «Pechadas» nas que siga tendo interese, pero isto non a/o exime de matricularse na que está convocada.

De acordo coa base novena, o estudantado pode continuar, en cada chamamento, na listaxe de agarda das titulacións «Pechadas» nas que indicou nos sucesivos chamamentos o seu interese en «Continuar na listaxe de agarda» para o caso en que se produzan anulacións. No caso de non solicitar «Continuar na listaxe de agarda» nun chamamento renunciará aos

chamamentos futuros.

O estudantado admitido no Grao en Xestión de Empresas Hostaleiras deberá formalizar a súa matrícula no prazo estipulado, primeiro na Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a continuación no Centro Superior de Hostalaría de Galicia (CSHG), adscrito á USC. Para realizar a matrícula no CSHG deberá acceder a través da seguinte ligazón:

<https://www.cshg.gal/gl/requisitos-e-matricula> (galego)

<https://www.cshg.gal/es/requisitos-y-matricula> (castelán)

<b>Chamamentos de Matrícula nas Universidades do SUG 2026</b>				
<b>Convocatoria</b>	<b>Prazo</b>	<b>Data listaxe</b>	<b>Datas de Matrícula</b>	<b>Mes</b>
<b>Ordinaria</b>	1º	7	8-9	<b>Xullo</b>
	2º	14	15-16	
	3º	21	22-23	
<b>Ordinaria - Extraordinaria</b>	4º	24	25-27	
	5º	29	30-31	
	6º	2	3-4	
<b>Convocatorias por Vacantes (datos orientativos)</b>	7º	9	10-11	<b>Setembro</b>
	8º	23	24-25	
	9º	9	10-12	<b>Outubro</b>
<b>1ª CONVOCATORIA TITULADOS: 24 DE XULLO (matrícula do 25 ao 27 de xullo)</b> <b>1ª CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA: 24 DE XULLO (matrícula do 25 ao 27 de xullo)</b> <b>CONVOCATORIA POR VACANTES (13 de xullo a 14 de outubro):</b> No caso de que se produzan vacantes en titulacións xa pechadas convocarase ao estudantado que lle corresponda, aínda que xa estean matriculados noutra titulación, para matricularse nos prazos de matrícula ordinarios (2ª, 3ª, 4ª, 5ª e 6ª) ou nas convocatorias específicas (7ª, 8ª, 9ª, ....).				

### Oitava. Convocatoria e prazos de matrícula

Para cada chamamento establécense dous días de matrícula (desde as 00.00 horas do primeiro día ata as 23.59 horas do segundo día, de acordo co seguinte calendario:

Nota: os días festivos non hai soporte para resolver os problemas que poidan xurdir.

Suxírese que se realice a matrícula no primeiro día do prazo para poder resolver calquera inconveniente. **Durante o período de matrícula, o estudiantado que non se matricule deberá marcar, en cada chamamento, «Continuar na listaxe de agarda» de cada unha das titulacións nas que teña interese e que figuren «En espera». De non confirmalo, entenderase que xa non ten interese nesas titulacións.** Tanto se se matricula coma se non o fai, pode marcar «Continuar na listaxe de agarda» das titulacións pechadas para o caso en que se produzan anulacións.

O 7 de setembro a CiUG comunicaralles ás universidades a relación de titulacións con prazas vacantes e sen listaxe de agarda para que poidan proceder á matrícula extraordinaria nestas titulacións. O alumnado que se matricule poderá ser incorporado á plataforma Nerta.

### Novena. Chamamentos por vacantes

No momento en que pecha unha titulación, a aplicación informática Nerta xera unha listaxe de agarda con todo o estudiantado que estaba na listaxe de agarda desa titulación e volve marcar «**Continuar na listaxe de agarda**», en cada un dos chamamentos.

Os/As estudantes poderán consultar en calquera momento a súa situación na aplicación informática Nerta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional coa que se xestiona todo o proceso.

En calquera momento do proceso a CiUG pode solicitar do estudiantado que está na listaxe de agarda dunha titulación xa pechada que confirme mediante procedementos electrónicos (correo electrónico, formulario etc.) que, no caso de que se produzan prazas vacantes, segue interesado en continuar na listaxe de agarda. Para esta confirmación establecerá un prazo mínimo de 48 horas.

No caso de que se produzan vacantes nunha titulación xa pechada, a CiUG convocará as persoas da listaxe de agarda para cubrir as citadas vacantes en calquera dos prazos de matrícula ordinarios (2.º, 3.º, 4.º, 5.º e 6.º) ou nas convocatorias específicas (7.º, 8.º, 9.º...).

O estudiantado convocado recibirá unha mensaxe de correo electrónico á que deberá responder

e aceptar a praza no prazo de 48 horas. Se non responde á mensaxe, entenderase que xa non ten interese na praza, polo que decaerá nos seus dereitos e convocarase a seguinte persoa da listaxe de agarda. No caso de ser convocada a unha titulación do SUG e estar xa matriculada noutra titulación do SUG, a persoa terá que anular en primeiro lugar a matrícula antes de matricularse na nova titulación de maior preferencia á que foi convocada. De non realizar a desmatriculación antes de matricularse na nova titulación, perderá os seus dereitos sobre as titulacións de maior preferencia e quedará matriculada na titulación na que xa estaba.

Este procedemento finalizará o mércores 14 de outubro para as titulacións con todas as prazas cubertas. A partir do 21 de outubro a CiUG comunicarlles ás universidades a situación final do acceso.

#### **Décima. Reclamacións por emenda e corrección de erros**

As persoas solicitantes poderán presentar unha reclamación á súa asignación de prazas no prazo de tres días hábiles seguintes despois de publicarse a listaxe correspondente. A reclamación deberase realizar a través do formulario que figurará na páxina web da CiUG: <https://ciug.gal/gal/admision-sug>.

A CiUG valorará a solicitude e se o considera necesario poderá solicitar documentación complementaria para a súa axeitada valoración.

Tal e como se establece na base sexta, non se admitirán reclamacións relacionadas con notas mal gravadas que non fosen comunicadas a través do formulario dispoñible na páxina web da CiUG ata o 1 de xullo ou nos tres días posteriores ao cambio de nota.

A resolución da reclamación correspóndelle á CiUG e será resolta polo delegado ou delegada do reitor ou reitora da universidade en que se imparta a ensinanza universitaria obxecto da reclamación. A resolución da reclamación pon fin á vía administrativa. Con carácter xeral, non se producirá unha comunicación individualizada a cada reclamación. O resultado da reclamación considérase comunicado ao interesado ou interesada a través das listaxes de asignación de prazas e indícase, se é o caso, o prazo para matricularse.

Contra a resolución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante a propia CiUG, que porá fin á vía administrativa. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo mentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso potestativo de reposición.

### **Undécima. Recursos**

Contra a publicación de cada unha das listaxes de convocados/as (admitidos), que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse potestativamente un recurso de reposición diante o presidente da CiUG no prazo dun mes, segundo establece a Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou un recurso contencioso-administrativo diante do xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación das listaxes. No caso de presentar un recurso contencioso-administrativo, a Administración demandada será a universidade responsable da ensinanza universitaria na que o/a estudante solicita o ingreso. No caso de demanda, a responsabilidade en materia de persoal corresponderalle a cada universidade.

### **Duodécima. Titulacións do SUG con límite de prazas para o curso 2026/2027**

No anexo II, que se publicará na páxina web da CiUG, figura a relación de titulacións con límite de prazas existentes nas tres universidades do sistema universitario de Galicia (SUG) para o curso 2026/2027, con indicación do código da titulación e do número de prazas existentes en cada unha delas para a convocatoria ordinaria.

O anexo II coa relación de prazas vacantes para a convocatoria extraordinaria publicarase o 17 de xullo na páxina web da CiUG.

Na convocatoria extraordinaria só se ofertarán prazas da cota xeral e das cotas de discapacitados/as e deportistas. O alumnado solicitante da cota xeral que reúna os requisitos para solicitar por algunha destas dúas cotas poderá usar a devandita posibilidade. Nesta convocatoria non se ofertarán prazas das titulacións que teñan todas as prazas esgotadas pola matrícula da convocatoria ordinaria ou as que a CiUG, á vista da listaxe de agarda, estime que esgotarán todas as prazas con solicitantes da convocatoria ordinaria. Tampouco se ofertarán prazas para as cotas de titulados/as universitarios, M25, M40 e M45.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2026.

Iván Carlos Area Carracedo

Presidente da CiUG

Edificio Fontán, 1.º andar. Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás s/n. 15707 Santiago de Compostela  
Tfno.: 881 971 006 E-electrónico: [ciug@cisug.gal](mailto:ciug@cisug.gal)